

SUBSIDIO DE DESEMPREGO NO RÉXIME ESPECIAL DO MAR



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL
Y MIGRACIONES

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL
Y PENSIONES



INSTITUTO SOCIAL
DE LA MARINA



INSTITUT SOCIAL DA MARIÑA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL
Y MIGRACIONES

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL
Y PENSIONES



INSTITUTO SOCIAL
DE LA MARINA

ÍNDICE

Introdución	3
En qué consiste o subsidio de desemprego?	3
Tipos de subsidio de desemprego	3
Que requisitos se esixen?	4
Carencia de rendas e responsabilidades familiares	6
Duración e contía	7
Cando solicito o subsidio?	9
Onde presento a solicitude?	9
Compatibilidade/incompatibilidade do subsidio	10
Feito causante	11
Suspensión, continuación e extinción do subsidio	12
Complemento de Apoio ao Emprego (CAE)	15
Direccións Provinciais do Instituto Social da Mariña	17
Normativa	18



INTRODUCCIÓN

Mediante o Real Decreto Lei 2/2024, do 21 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para a simplificación e mellora do nivel asistencial da protección por desemprego, réformase a normativa do subsidio de desemprego.

A reforma ten como finalidade simplificar o funcionamento do sistema e adecuar os seus obxectivos para dar máis claridade, seguridade xurídica e facilitar a xestión, en especial a respecto dos colectivos con maior grao de vulnerabilidade e peores condicións de empregabilidade.



EN QUÉ CONSISTE O SUBSIDIO DE DESEMPREGO?

O subsidio de desemprego protexe as persoas que esgotaron a prestación contributiva de desemprego, ou non poden acceder á mesma por non ter cotizacións suficientes, e en todo caso, cando estean nunha situación de necesidade e vulnerabilidade.

TIPOS DE SUBSIDIO DE DESEMPREGO

Establécense os seguintes tipos de subsidios de desemprego:

- 1.** Subsidio de desemprego por esgotamento da prestación de desemprego.
- 2.** Subsidio de desemprego por non cumprir o período de cotización mínimo para acceder á prestación de desemprego.
- 3.** Subsidio de desemprego de maiores de 52 anos.
- 4.** Subsidio de desemprego de emigrantes retornados.
- 5.** Subsidio de desemprego das persoas vítimas de violencia de xénero ou sexual.

QUE REQUISITOS SE ESIXEN?

Subsidio por esgotamento da prestación de desemprego


1. Ter esgotado a prestación de desemprego. No caso de ser menor de 45 anos sen responsabilidades familiares, esixírase, ademais, que a prestación de desemprego esgotada tivese unha duración igual ou superior a 360 días.
2. Carencia de rendas ou alternativamente acreditar responsabilidades familiares.
3. Inscripción como demandante de emprego.
4. Subscrición do acordo de actividade.

Subsidio por non cumprir o período de cotización mínimo para acceder á prestación de desemprego

1. Situación legal de desemprego.
2. Cotización de polo menos 90 días.
3. Carencia de rendas ou alternativamente acreditar responsabilidades familiares.
4. Inscripción como demandante de emprego.
5. Subscribir o acordo de actividade.

Subsidio para maiores de 52 anos

1. Ter 52 anos e atoparse nunha das dúas situacións anteriores.
2. Cumprir con todos os requisitos, agás a idade, para acceder á xubilación contributiva.
3. Ter cotizado polo menos 6 anos en España por desemprego.
4. Carencia de rendas propias.
5. Inscripción como demandante de emprego.
6. Subscribir o acordo de actividade.



Subsidio de emigrantes retornados

1. Estar desempregados e non ter dereito á prestación de desemprego de nivel contributivo.
2. Estar inscritos como demandantes de emprego.
3. Subscribir o acordo de actividade.
4. Ter retornado de países non pertencentes ao Espazo Económico Europeo, ou cos que non exista Convenio sobre desemprego.
5. Ter traballado nos países anteriores, como mínimo, 12 meses nos últimos 6 anos desde a súa última saída de España.
6. Non ter obtido prestacións de desemprego no país de emigración.
7. Carencia de rendas.

Subsidio das persoas vítimas de violencia de xénero ou sexual

1. Non ter dereito á prestación de desemprego de nivel contributivo.
2. Non teren sido beneficiarias 3 veces da Renda Activa de Inserción.
3. Estar inscritas como demandantes de emprego.
4. Subscribir o acordo de actividade.
5. Carencia de rendas propias, agás no caso de que se teña cónxuxe, parella de feito e/ou fillos menores de 26 anos, ou maior con discapacidade, ou menores acollidos ou en garda con fins de adopción ou acollemento; nese caso deberase cumprir o requisito de responsabilidades familiares.



CARENCIA DE RENDAS E RESPONSABILIDADES FAMILIARES

Enténdense cumpridos estes requisitos nos seguintes casos:

Carencia de rendas

Rendas propias inferiores ao 75 % do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) sen pagas extras no mes natural anterior á:

1. Solicitude da alta inicial.
2. Solicitude da prórroga.
3. Solicitude da continuación.

Responsabilidades familiares

Rendas da unidade familiar inferiores ao 75 % do SMI, sen pagas extras do mes natural anterior á:

1. Solicitude da alta inicial.
2. Solicitude da prórroga.
3. Solicitude da continuación.

Enténdese por unidade familiar, sempre que convivan ou dependan economicamente do solicitante ou persoa beneficiaria, a composta por:

1. A persoa solicitante ou beneficiaria.
2. Cónxuxe/Parella de feito.
3. Fillos menores de 26 anos, ou maiores con discapacidade.
4. Menores acollidos ou en garda con fins de adopción ou acollemento.

DURACIÓN E CONTÍA

1. SUBSIDIO DE DESEMPREGO POR ESGOTAMENTO DA CONTRIBUTIVA:

Duración			
Acreditación responsabilidades familiares	Idade na data de esgotamento da prestación	Duración da prestación de desemprego esgotada	Duración máxima do subsidio
Non	<45	>= 360 días	6 meses
	>45	>= 120 días	
Si	Indiferente	>= 120 días	24 meses
		>=180 días	30 meses

Contía		
Ata o día 180	Día 181–360	Día 361 en diante
95 % do IPREM*	90 % do IPREM*	80 % do IPREM*

*Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

2. SUBSIDIO DE DESEMPREGO POR NON TER COTIZACIÓNS SUFICIENTES PARA ACCEDER Á CONTRIBUTIVA:

Durada		
Período mínimo de ocupación cotizada	Acreditación de responsabilidades familiares	Duración máxima do subsidio
90 días	Non	3 meses
120 días	Non	4 meses
150 días	Non	5 meses
180 días	Non	6 meses
	Si	21 meses

Contía		
Ata o día 180	Día 181-360	Día 361 en diante
95 % do IPREM	90 % do IPREM	80 % do IPREM

3. SUBSIDIO DE DESEMPREGO PARA MAIORES DE 52 ANOS:

Duración		
Cumprimento idade ordinaria de xubilación con aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación (COE)		
Contía		
80 % do IPREM		

4. SUBSIDIO DE DESEMPREGO PARA EMIGRANTES RETORNADOS:

Duración		
18 meses		
Contía		
Ata o día 180	Día 181-360	Día 361 en diante
95 % do IPREM	90 % do IPREM	80 % do IPREM

5. SUBSIDIO DE DESEMPREGO PARA AS PERSOAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU SEXUAL:

Duración		
Regra Xeral	Se foi beneficiaria de 1 RAI*	Se foi beneficiaria de 2 RAI
30 meses	20 meses	10 meses
Contía		
Ata o día 180	Día 181-360	Día 361 en diante
95 % do IPREM	90 % do IPREM	80 % do IPREM

*Renda Activa de Inserción (RAI)

CANDO SOLICITO O SUBSIDIO?

O dereito ao subsidio de desemprego nace a partir do día seguinte ao do feito causante, sempre que se solicite nos quince días hábiles seguintes á data do mesmo.

Se se solicita fóra do devandito prazo, pero dentro dos seis meses seguintes á data do feito causante, o dereito nacerá o día da presentación da solicitude.

Se o subsidio de desemprego se solicitase unha vez transcorridos os seis meses desde a data do feito causante, denegarase a solicitude, agás que no último día deste prazo o solicitante estivese realizando traballos por conta propia ou allea, ou percibindo a prestación por incapacidade temporal ou por nacemento e coidado de menor; neste caso ampliarase o prazo de solicitude ata os quince días hábiles seguintes á finalización do traballo ou extinción da prestación.

ONDE PRESENTO A SOLICITUDE?

As solicitudes poderán presentarse de xeito presencial nas oficinas do Instituto Social da Mariña (ISM) ou ben a través do Rexistro Electrónico ou da Sede Electrónica da Seguridade Social <https://sede.seg-social.gob.es>. Para acceder a este servizo tes de dispoñer de certificado electrónico ou Cl@ve permanente. Adicionalmente, dispós de modelos de solicitude na Sede Electrónica e na páxina web da Seguridade Social.

Tamén tes dispoñible a APP móbil “ISM en tu bolsillo”, á que poderás acceder co sistema Cl@ve, certificado dixital ou SMS.

O ISM ditará resolución motivada, recoñecendo ou denegando o dereito ao subsidio de desemprego, no prazo dos 15 días seguintes á data na que se formulou a solicitude en tempo e forma.

O abonamento da prestación ou subsidio de desemprego realizarase por mensualidades de trinta días, dentro do mes inmediato seguinte ao que corresponda a devindicación. En todo caso, o dereito a percibir cada mensualidade caducará ao ano do seu respectivo vencemento.

O abonamento do subsidio realizarase mediante o abonamento na conta da entidade financeira colaboradora indicada polo solicitante da que sexa titular.


COMPATIBILIDADE/INCOMPATIBILIDADE DO SUBSIDIO

Compatibilidade

1. Coa percepción de calquera tipo de rendas mínimas, salarios sociais ou axudas análogas de asistencia social concedidas por calquera Administración Pública.
2. Coa percepción das prestacións económicas non contributivas da Seguridade Social, agás a de xubilación.
3. Coa realización de prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de FP ou programas de formación no traballo.
4. Co traballo por conta allea a tempo completo ou parcial como Complemento de Apoio a o Emprego (CAE).

Incompatibilidade

1. Co traballo por conta propia, aínda que a súa realización non implique a inclusión obrigatoria nalgún dos Réximes da Seguridade Social ou nalgunha Mutualidade de Previsión Social alternativa ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
2. Con carácter xeral, coa obtención de prestacións contributivas de carácter económico da Seguridade Social, agás que estas fosen compatibles co traballo que orixinou a prestación ou o subsidio.



FEITO CAUSANTE

Subsidio por esgotamento	Data de esgotamento da prestación contributiva.
Subsidio por cotizacións insuficientes	Última situación legal de desemprego.
Subsidio maiores 52 anos	1. Data na que teñan 52 anos e se atopen nunha das dúas situacións anteriores. 2. Data do cumprimento dos 52, cando cumprindo todos os requisitos de acceso, agás ter 52 anos na data en que se atopen nunha das dúas situacións anteriores, permanecesen inscritos ininterrompidamente como demandantes de emprego.
Subsidio emigrantes retornados	Data na que a persoa retorna a España para fixar a súa residencia.
Subsidio persoas vítimas de violencia de xénero ou sexual	Data na que se emita a acreditación de vítima de violencia de xénero ou sexual, ou a notificación á persoa interesada da correspondente sentenza ou resolución xudicial.



SUSPENSIÓN, CONTINUACIÓN E EXTINCIÓN DO SUBSIDIO

1. SUBSIDIO DE DESEMPREGO POR ESGOTAMENTO DA CONTRIBUTIVA, SUBSIDIO DE DESEMPREGO POR NON TER COTIZACIÓNS SUFICIENTES PARA ACCEDER Á PRESTACIÓN POR DESEMPREGO, SUBSIDIO DE DESEMPREGO DOS EMIGRANTES RETORNADOS E SUBSIDIO DE DESEMPREGO DAS PERSOAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU SEXUAL:

1. 1. Suspensión:

A) Durante o período que corresponda por imposición de sanción por infraccións leves e graves.

B) Durante a situación de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento.

C) Mentres o titular do dereito estea a cumprir condena que implique privación de liberdade.

D) Mentres o titular do dereito realice un traballo por conta allea, a tempo completo o a tempo parcial, de duración inferior a 12 meses, agás nos supostos en que se recoñeceu a compatibilidade como CAE, ou mentres o titular do dereito realice un traballo por conta propia de duración inferior a 60 meses no suposto de traballadores por conta propia que causen alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou no Réxime Especial do Mar, ou a 24 meses, no caso de actividades con alta nalgunha mutualidade de previsión social alternativa.

E) Mentres o traballador continúa prestando servizos ou non os preste por vontade do empresario nos procedementos de tramitación do recurso.

F) Nos supostos de traslado de residencia ao estranxeiro nos que o beneficiario declare que é para a procura ou realización de traballo, perfeccionamento profesional ou cooperación internacional, por un período continuado inferior a 12 meses, sempre que a saída ao estranxeiro se comunicase previamente ao ISM e este a autorizase.

G) Nos supostos de estancia no estranxeiro por un período, continuado o non, de ata 90 días naturais como máximo durante cada ano natural, sempre que a saída ao estranxeiro se comunicase previamente ao ISM e este a autorizase. Non terá consideración de estancia nin de traslado de residencia a saída ao estranxeiro por tempo non superior a 30 días naturais unha soa vez ao ano.

H) Cando os beneficiarios das prestacións de desemprego incumpran a obriga de presentar, nos prazos establecidos, os documentos que lles requira o ISM. ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

I) Durante os períodos nos que os beneficiarios non figuren inscritos como demandantes de emprego no servizo público de emprego competente, agás que estean traballando por conta allea a xornada completa e compatibilizando a prestación ou o subsidio como CAE.

J) Durante os períodos nos que se incumpra ou suspenda o acordo de actividade.

K) Cando o ISM detecte que as persoas beneficiarias de prestacións incumprisen durante un exercicio fiscal a obriga de presentar a declaración do IRPF.

L) Cando os traballadores fixos-descontinuos aos que se chame para reiniciar a súa actividade non se reincorporen ao seu posto de traballo, agás por causa xustificada.

1.2. Continuación:

A) No caso de que, na data en que finalice a situación que supuxo a suspensión do subsidio, o interesado non cumpra o requisito esixido de carencia de rendas ou o de responsabilidades familiares, poderá solicitar a súa continuación cando o cumpra, sempre que a devandita solicitude se presente dentro do prazo dos 6 meses seguintes á data de finalización da causa de suspensión. Neste caso, a continuación terá efectos desde a data da solicitude, sen días consumidos

B) Non procederá a continuación do subsidio se a solicitude, cumprindo todos os requisitos esixidos para o seu recoñecemento, se presenta fóra do prazo dos 6 meses seguintes á data na que finalizou a situación específica que implicou a súa suspensión, agás que o solicitante estivese facendo traballos por conta allea ou por conta propia; nese caso, ampliarase o prazo de solicitude ata os 15 días hábiles seguintes á finalización do traballo.


1.3. Extinción:

A) Esgotamento do prazo de duración do subsidio.

B) Imposición de sanción.

C) Realización dun traballo por conta allea de duración igual ou superior a 12 meses ou realización dun traballo por conta propia, por tempo igual ou superior a 60 meses no suposto de traballadores por conta propia que causen alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos o no Réxime Especial do Mar, ou a 24 meses, no caso de actividades con alta nalgunha mutualidade de previsión social alternativa ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

D) Cumprimento, por parte do titular do dereito, da idade ordinaria esixida en cada caso para causar dereito á pensión contributiva de xubilación, agás que o traballador non tivese acreditado o período de cotización requirido ou se trate de supostos de suspensión de contrato o redución de xornada.



E) Pasar a ser pensionista de xubilación, ou de incapacidade permanente nos graos de incapacidade permanente total, incapacidade permanente absoluta o gran invalidez. O beneficiario poderá optar pola prestación máis favorable.

F) Traslado de residencia ou estancia no estranxeiro, agás nos supostos que sexan causa de suspensión.

G) Renuncia voluntaria ao dereito.

2. SUBSIDIO DE DESEMPREGO PARA MAIORES DE 52 ANOS:

2.1. Suspensión:

A) Polas mesmas causas de suspensión que o resto dos subsidios.

B) Cando se cumpran 12 meses desde a data de nacemento do dereito ou da súa última continuación, no suposto de que o interesado non presentase a declaración anual de rendas.

C) Na data na que se deixe de cumprir o requisito de carencia de rendas propias, se o devandito incumprimento ten unha duración inferior a 12 meses.

2.2. Continuación:

A) O dereito renovarase, no suposto b) anterior, a partir da data na que se solicite a continuación achegando a declaración anual de rendas que acredite o mantemento dos requisitos

B) O dereito renovarase, no suposto c) anterior, a partir da data na que se cumpra de novo o requisito de carencia de rendas. Neste caso, a solicitude de continuación presentase dentro do prazo dos 15 días hábiles seguintes ao do devandito cumprimento. En caso contrario, o subsidio renovarase a partir da data da súa solicitude.

Procederá a denegación da continuación solicitada unha vez transcorridos 12 meses desde a data de efectos da suspensión do subsidio.

2.3. Extinción:

A) Polas mesmas causas de extinción do subsidio de desemprego por esgotamento da contributiva e do subsidio de desemprego por non ter cotizacións suficientes para acceder á prestación de desemprego.

B) Polo incumprimento do requisito de carencia de rendas durante un período igual ou superior a 12 meses.

C) Polo transcurso de 12 meses desde a data de efectos da súa suspensión sen terse renovado.

COMPLEMENTO DE APOIO AO EMPREGO (CAE)

1. Concepto:

É un complemento pensado para quen acceda ao subsidio de desemprego mantendo un ou varios contratos a tempo parcial, así como para quen, sendo beneficiario do subsidio, inicie unha relación laboral a tempo completo ou parcial.

O subsidio de desemprego compatibilizarase como CAE.

Aplicase aos subsidios de desemprego por esgotamento da contributiva, por non ter cotizacións suficientes para a contributiva, e de maiores de 52 anos. A partir do 1 de xuño de 2025 tamén se aplicará ao subsidio dos emigrantes retornados e ao subsidio das persoas vítimas de violencia de xénero ou sexual.

2. Contía:

Determinarase cada trimestre en función da xornada pactada no inicio da compatibilización e do trimestre no que se atope en cada momento o perceptor do CAE con respecto ao inicio do subsidio de desemprego conforme á seguinte táboa:

Trimestre no que se atope o perceptor con respecto ao inicio do subsidio	CAE. Emprego a tempo completo (% IPREM)	CAE. Emprego a tempo parcial >= 75 % da xornada (% IPREM)	CAE. Emprego a tempo parcial <75 % e >=50 % da xornada (% IPREM)	CAE. Emprego a tempo parcial <50 % da xornada (% IPREM)
1º trimestre	80	75	70	60
2º trimestre	60	50	45	40
3º trimestre	40	35	30	25
4º trimestre	30	25	20	15
5º trimestre	20	15	10	5

3. Duración:

O CAE percibirase mentres se manteña a relación laboral que o orixinou. Durante a súa percepción, con independencia do % aplicado, consumiranse tantos días da duración do subsidio de desemprego coma os días percibidos en concepto de CAE.

A súa duración máxima será de 180 días, que podarán percibirse nun ou sucesivos períodos de compatibilidade, co límite do número de días que restasen por percibir da duración máxima do subsidio recoñecido.

4. Suspensión:

A extinción ou suspensión da relación laboral ou a interrupción da actividade fixa descontinua que orixinase o CAE deberá ser comunicada ao ISM polo beneficiario, no prazo dos 15 días hábiles seguintes e implicará a suspensión do subsidio de desemprego, que poderá renovarse sen compatibilidade, previa solicitude do interesado sempre que acredite:

- Situación legal de desemprego.
- Inscripción como demandante de emprego.
- Requisitos de carencia de rendas ou de responsabilidades familiares.

Con todo, se na data de extinción ou suspensión da devandita relación laboral, ou de interrupción da actividade, se mantivese outra, poderase seguir percibindo o CAE, previo axuste da súa contía considerando a xornada ordinaria de traballo pactada e o trimestre no que se atope o subsidio no momento de producir efectos a variación.

5. Incompatibilidade:

Non se poderá compatibilizar o subsidio co desempeño dun emprego por conta allea cando a contratación sexa efectuada por:

- Empresas que estean en ERE no momento da contratación.
- Empresas nas que o desempregado beneficiario do subsidio traballase nos últimos 12 meses.
- Relacións laborais suspendidas en virtude dun ERTE ou MECANISMO REDE.
- Contratacións que afecten ao cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade, ou no seu caso por adopción, ata o 2º grao inclusive, do empresario ou de quen ostente cargos de dirección ou sexa membro dos órganos de Administración das entidades ou das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.

DIRECCIÓN PROVINCIAIS do Instituto Social da Mariña

Enderezo		C.P.	Poboación	TLF.	Correo electrónico
A CORUÑA	C/ Ramón y Cajal, 2	15006	A Coruña	88 190 98 00	acoruna.dirprov.ism@seg-social.es
ALICANTE	C/ Faro de Santa Pola, 2	03001	Alicante/Alacant	96 512 65 23	alicante.dirprov.ism@seg-social.es
ALMERIA	C/ Puerto Pesquero, s/n	04002	Almería	95 062 02 11	almeria.dirprov.ism@seg-social.es
BARCELONA	C/ Albareda, 1 - 13	08004	Barcelona	93 443 96 00	barcelona.dirprov.ism@seg-social.es
BIZKAIA	C/ Virgen de Begoña, 32	48006	Bilbao	94 473 90 00	bizkaia.dirprov.ism@seg-social.es
CÁDIZ	Avda. de Vigo, s/n	11006	Cádiz	95 625 17 03	cadiz.dirprov.ism@seg-social.es
CANTABRIA	Avda. de Sotileza, 8	39009	Santander	94 221 46 00	santander.dirprov.ism@seg-social.es
CARTAGENA	C/ Muelle Alfonso XII, s/n	30202	Cartagena	96 850 20 50	cartagena.dirprov.ism@seg-social.es
CASTELLÓN	Pl. Miquel Peris i Segarra, s/n	12100	Castellón de la Plana/ Castelló de la Plana	96 428 30 72	castellon.dirprov.ism@seg-social.es
CEUTA	C/ Muelle Cañonero Dato, 20	51001	Ceuta	95 650 02 40	ceuta.dirprov.ism@seg-social.es
GIJÓN	C/ Celestino Junquera, 19	33201	Gijón	98 532 72 00	gijon.dirprov.ism@seg-social.es
GIPÚZKOA	C/ Hermanos Otamendi, 13	20014	Donostia – San Sebastián	94 348 32 00	gipuzkoa.dirprov.ism@seg-social.es
HUELVA	Avda. Hispanoamérica, 9	21001	Huelva	95 925 74 11	huelva.dirprov.ism@seg-social.es
ILLES BALEARS	C/ Moll Vell, 15	07012	Palma de Mallorca	97 172 56 06	illesbalears.dirprov.ism@seg-social.es
LAS PALMAS	C/ León y Castillo, 322	35007	Las Palmas de Gran Canaria	92 849 46 45	laspalmas.dirprov.ism@seg-social.es
LUGO	C/ Rda. Músico Xosé Castiñeiras, 10 – baixo	27002	Lugo	98 222 50 10	lugo.dirprov.ism@seg-social.es
MADRID	C/ Churruca, 2	28004	Madrid	91 591 99 00	madrid.dirprov.ism@seg-social.es
MÁLAGA	C/ Pasillo del Matadero, 4	29002	Málaga	95 195 57 45	malaga.dirprov.ism@seg-social.es
MELILLA	Avda. de la Marina Española, 7	52001	Melilla	95 176 43 00	melilla.dirprov.ism@seg-social.es
SEVILLA	C/ Fernando IV, 1	41011	Sevilla	95 428 60 28	sevilla.dirprov.ism@seg-social.es
TARRAGONA	C/ Francesc Bastos, 19	43005	Tarragona	97 719 10 00	tarragona.dirprov.ism@seg-social.es
TENERIFE	Avda. de Anaga, s/n	38001	Sta. Cruz de Tenerife	92 259 89 00	tenerife.dirprov.ism@seg-social.es
VALENCIA	Av. del Port, 300	46024	Valencia	96 335 99 00	valencia.dirprov.ism@seg-social.es
VIGO	Avda. Orillamar, 51	36202	Vigo	98 621 61 00	vigo.dirprov.ism@seg-social.es
VILAGARCIA	Avda. de la Marina, 23	36600	Vilagarcía de Arousa	98 656 83 00	vilagarcia.dirprov.ism@seg-social.es

NORMATIVA

- Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro.
- Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.
- Real Decreto Lei 2/2024, de 21 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para a simplificación e mellora do nivel asistencial da protección de desemprego, e para completar a transposición da Directiva (UE) 2019/1158 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, relativa á conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os coidadores, e pola que se derroga a Directiva 2010/18/UE do Consello.





INSTITUTO SOCIAL
DA MARIÑA

MÁIS INFORMACIÓN

Páxina web: Sede Electrónica:



ISM en tu Bolsillo:



MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS

Publicación incluída no programa editorial do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións (Real Decreto 829/2023, do 20 de novembro)

Nesta publicación utilízouse papel ecolóxico de acordo cos criterios medioambientais da contratación pública.

<https://cpage.mpr.gob.es>